

CEIP "ILLA VERDE"

INDICE

PRIMEIRA SITUACIÓN

1.1. XEÓGRAFICA

1.2. SOCIOECONÓMICA

SEGUNDA CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

2.1. IDENTIFICACIÓN

PEEC

2.2. PROFESORADO

2.3. CARACTERÍSTICAS DESTACADAS

TERCEIRO OBIECTIVOS

CUARTO OBIECTIVOS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.
C.E.I.P. "ILLA VERDE"
Roi Xordo, 2 • 27002 LUGO

4.4. MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

4.5. ORGANIZACIÓN DO TRABALLO NA AULA

4.6. AVALIACIÓN

4.7. ACCO A DIVERSIDADE

LUGO, XUÑO 2012

PROXECTO EDUCATIVO DO

C.E.I.P. ILLA VERDE

ÍNDICE

CAPÍTULO I. SITUACIÓN	3
1.1.- XEOGRÁFICA.....	3
1.2.- SOCIO-LINGÜÍSTICA.....	3
CAPÍTULO II. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	4
2.1.- IDENTIFICACIÓN	4
2.2.- INSTALACIÓNS	4
2.3.- NECESIDADES BÁSICAS	6
2.4.- HORARIOS	6
2.5.- ENSINANZAS QUE ABARCA	6
2.6.- ALUMNADO	7
2.7.- PROFESORADO	7
2.8.- CARACTERÍSTICAS IDEOLÓXICAS	7
CAPÍTULO III. OBXECTIVOS	8
CAPÍTULO IV.- METODOLOXÍA	9
4.1.- O AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS	9
4.2.- HORARIOS	9
4.3.- UBICACIÓN	10
4.4.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	10
4.5.- ORGANIZACIÓN DO TRABALLO NA AULA.....	10
4.6.- AVALIACIÓN	10
4.7.- ACIS E DIVERSIDADE	10

CAPÍTULO V.- AS RELACIÓNS NO SEO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

5.1.- ENTRE O ALUMNADO	11
5.2.- PROFESORADO-ALUMNADO	11
5.3.- RELACIÓNS COAS FAMILIAS	11
5.4.- RELACIÓNS CO CONTORNO	11
5.5.- O PROFESORADO ENTRE SÍ	11
5.6.- O PAPEL DO TITOR/A	12

CAPÍTULO VI.- ORGANIZACIÓN

6.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO	12
6.1.1.- UNIPERSOAIS	13
6.1.2.- COLEXIADOS	13
6.2.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	13
6.2.1.- C. C. P.	13
6.2.2.- EQUIPOS DE CICLO	14
6.2.3.- E. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	14
6.2.4.- E. ACTIVIDADES COMP. E EXTRA.	14
6.2.5.- DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN	14

CAPÍTULO VII.- ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS

CAPÍTULO VIII.- SERVICIOS QUE OFERTA O CENTRO .

CAPÍTULO IX.- REVISIÓN E MODIFICACIÓN DO P.E.C.

CAPÍTULO I.- SITUACIÓN

1.1.-XEOGRÁFICA

O C.E.I.P. "ILLA VERDE" está situado na zona sur da cidade de Lugo, no barrio de **FINGOI**. Naceu ao abrigo dun polígono de vivendas sociais, construídas na década dos 70. Empezou a funcionar, según datos que obran no centro, en setembro do 1983. Conta polo tanto cunha antigüidade de 28 anos.

Nun principio escolarizaba a alumnos procedentes do propio polígono, xunto cuns poucos de diversas zonas da cidade. Hoxe en día, o seu alumnado é, maioritariamente, da súa zona de influencia. Nos últimos anos, a súa capacidade faise insuficiente para acoller a tódolos alumnos da zona que solicitan plaza nel; quedando sen plaza no mesmo bastantes alumnos.

Está adscrito ao IES SANXILLO, se ben o alumnado non sempre opta por este Instituto posiblemente pola súa ubicación xeográfica respecto ao domicilio das familias.

1.2.- SOCIO-LINGÜÍSTICA

As conclusións do último estudo socio-lingüístico da Comunidade Educativa, feito no curso 2006/07, indica que o 91% das nenas e nenos do Colexio son de procedencia urbana. O 58,7% fala exclusivamente o castelán e o 11,1%, fala só galego. Un 30,2% emprega indistintamente as dúas linguas.

Na última elección de galego ou castelán que fixeron as familias de nenos de 3 anos, a maioría decantáronse polo castelán aínda que unha porcentaxe importante de familias demandaban galego.

CAPÍTULO II.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

2.1-IDENTIFICACIÓN.

Tipo de Centro: Público

Titularidade: Consellería de Educación

Denominación oficial: C. E. I. P. ILLA VERDE

Código do Centro: 27016728

N. I. F.: Q7755166A

Enderezo: Roi Xordo, nº 2

Código Postal: 27002

Cidade: Lugo

Provincia: Lugo

Teléfono e Fax: 982-24-10-20

e-mail: ceip.illaverde@edu.xunta.es

2.2.-INSTALACIÓNS

RECINTOS: Dous; ambos rodeados por unha valla de cemento e con acceso pola rúa Roi Xordo.

Un recinto principal, no que están situados o edificio principal e o pabellón polideportivo.

Outro recinto, mais pequeno que o anterior, anexo ao principal, no que está situada unha pequena edificación, que neste momento alberga tres unidades de Educación Infantil.

Ámbolos dous recintos están separados pola rúa Roi Xordo, o que é un gran inconveniente.

NÚMERO DE EDIFICIOS: Tres. Edificio principal e pabellón, no recinto grande e edificio pequeno de infantil, no recinto pequeno.

NÚMERO DE AULAS E DEPENDENCIAS:

EDIFICIO DE EDUCACIÓN INFANTIL, RECINTO ANEXO AO EDIFICIO PRINCIPAL.
Insuficiente para dar cabida a tódolos alumnos de E.Infantil.

2º nivel do 2º Ciclo de Infantil: 3

PEQUENA LOCAL, INAPROPIADO, PARA ALTERNATIVA/RELIXIÓN: 1

OUTRAS DEPENDENCIAS:

PEQUENO LOCAL PARA MATERIAL, TITORÍAS, FOTOCOPIADORA...

SERVICIOS

SALA DA CALDEIRA DA CALEFACCIÓN

EDIFICIO PRINCIPAL:

Segundo ciclo de infantil: 4

Primaria.....: 10

Tota aulas Inf. e Prim.....: 17

AULA DE INGLÉS

AULA DE RELIXIÓN CATÓLICA

AULA DE MÚSICA E PLÁSTICA

AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE (de reducido tamaño)

AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (de reducido tamaño)

AULA DE INFORMÁTICA: Na planta superior con dotación de material informático insuficiente e anticuado; compártese con Francés, P.T., apoios...

OUTRAS DEPENDENCIAS:

BIBLIOTECA: Situada na planta baixa do edificio principal. Necesitaríase un local máis grande.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: Na planta superior, ocupa o local dunha titoría; totalmente inadecuado para a súa función

SALA DE PROFESORES: Situada na planta baixa, con capacidade insuficiente.

SALA DE XUNTAS: Situada, igualmente, na planta baixa. Tamén con capacidade e mobiliario insuficiente para realizar nela os claustros e demais reunións do profesorado, tendo que facelo nunha aula-clase.

DIRECCIÓN: Na planta baixa.

SECRETARÍA E XEFATURA DE ESTUDOS: En local compartido, na planta baixa, demasiado reducido para prestar os dous servicios, coa conseguinte incomodidade.

LOCAL DA ANPA: Na planta baixa, preto do comedor, tamén de reducido tamaño para os servicios que presta.

SALÓN DE USOS MÚLTIPLES: Na planta baixa, sen mobiliario apropiado; aínda así cumpre diversas funcións, imprescindibles para o funcionamento do Centro.

COMEDOR ESCOLAR: Na planta baixa, de recente construción na antiga vivenda da conserxe.

SERVICIOS

SALA DA CALDEIRA DA CALEFACCIÓN

POLIDEPORTIVO: En edificio propio. Carente de calefacción, servizos hixiénicos, vestiarios e material apropiado. Sería necesario acondicionalo debidamente.

PISTA POLIDEPORTIVA: Descuberta, no exterior.

2.3.-NECESIDADES BÁSICAS

Ampliar o edificio de Educación Infantil co finalidade de dispoñer de aulas suficientes para Primaria no Edificio Principal. Con respecto a este tema, manifestar que o Consello Escolar no que están representados tódolos sectores da comunidade educativa levan tempo insistindo na mesma petición.

Acondicionamento do pabellón, piso, vestiarios, local para material deportivo, servizos...

Acondicionamento do patio de Infantil do edificio anexo. Está cheo de socavóns, polo que o alumnado cae con frecuencia, co conseguinte perigo. Así mesmo é necesario poñerlle algun aparello de xogo porque, só ten dous moi deteriorados e perigosos para as setenta e cinco alumnas e alumnos que fan o recreo alí.

Cubrir a zona de xogos do patio de Infantil no recinto principal.

Entrada/saída para vehículos de emerxencia.

Poñer conexión a internet no edificio do recinto pequeno, que alberga, neste momento tres titorías de Educación Infantil.

2.4.-HORARIO

Xornada continuada de mañá:

De 09:00 a 14:00 horas.

2.5.-ENSINANZAS QUE ABARCA

Educación Infantil (segundo ciclo).

Educación Primaria.

2.6.-ALUMNADO

ETAPA	CICLO	Nº UNIDADES	RATIO
Infantil	2º	7	25
Primaria	1º	4	25
Primaria	2º	3	25
Primaria	3º	3	25
TOTAL		17	425

2.7.-PROFESORADO

POSTOS DE TRABAJO

	CREADOS	FUNCIONANDO
Educación Infantil.....	9	10
Primaria.....	7	10
Ped.Terapéutica.....	1	2
Audición e Linguaxe.....	1	1
Lingua Inglesa.....	2	2
Lingua Francesa.....	1	1
Educación Física.....	1	2
Educación Musical.....	1	1
Relixión Católica.....	1	1
TOTAL.....	24	30

2.8.--CARACTERÍSTICAS IDEOLÓXICAS

Propoñémonos que a "NOSA ESCOLA" sexa:

- Unha escola que parta do coñecemento do medio físico e social, no que está inserta para analízalo criticamente co fin de promover os cambios que contribúan a melloralo.
- Solidaria e integradora, que non estableza diferenzas por razón de sexo, raza, relixión, riqueza etc., e que busque a máxima integración de todos na sociedade.

- Unha escola que acepte as diferenzas de carácter xenético ou social e sexa capaz de compensalas, dando máis aos que menos teñen para facer posible a igualdade de oportunidades.
- Participativa, democrática e pluralista, para que todos poidan intervir na consolidación dun proxecto educativo mediante un diálogo permanente.
- Crítica e comprometida na defensa dos máis débiles, rexeitando a inxustiza, as desigualdades, a fame, a guerra, o deterioro do medio, etc. , e que fomente a amizade, o respecto, a solidariedade, a paz, ...
- Activa, creativa e investigadora que se fundamente na observación, na experimentación e na sistematización das experiencias dos nenos e nenas, dentro e fóra do ámbito escolar, superando o ensino memorístico e repetitivo.
- Unha escola que fomente o traballo en equipo, que favoreza a ensinanza entre iguais.
- Que forme as alumnas e alumnos no dominio das habilidades instrumentais básicas: comprensión, expresión, lectura e cálculo.
- Comprometida coa realidade e cultura galega.
- Que capacite ao alumnado nas dúas linguas cooficiais da Comunidade.
- **Queremos que a escola siga sendo:**

Un espazo para todos
Un lugar para medrar
Un lugar para crear
Un lugar onde cada un/unha encontre o seu sitio.

Conceptos que definen o noso PROXECTO DE VIDA co que conmemoramos os 25 anos do Centro e que queremos manter vixente.

CAPÍTULO III.-OBXECTIVOS

Propoñémonos, no Centro, formar persoas que:

- Sexan autónomas, capaces de pensar por sí mesmas e de resistir á presión do grupo.
- Respectuosas consigo mesmas, cos demais e co entorno.
- Capaces de valorar, conservar e mellorar o seu patrimonio cultural e respectando outras culturas.
- Interesados en cuidar e mellorar o medio ambiente.
- Adquiran condutas e hábitos positivos para a boa saúde, a calidade de vida e o respecto ó propio corpo.

- Solidarias, tolerantes, que saiban establecer relacións equilibradas e positivas, rexeitando toda discriminación.
- Que sexan capaces de solucionar os conflitos mediante o diálogo.
- Acaden un bo dominio da lectura, escritura, expresión e cálculo.
- Competentes na lingua galega e na lingua castelá.
- Que se inicien no coñecemento das linguas extranxeiras e se interesen por coñecer outras culturas.
- Iniciadas no uso das TIC.
- Responsables no seu traballo individual e en grupo.
- **Potenciar dunha maneira prioritaria os seguintes valores:**

Responsabilidade
Autoestima
Solidariedade

CAPÍTULO IV.-METODOLOXÍA

Partindo da motivación do alumnado a través dunha actividade compartida e cooperativa; queremos unha ensinanza activa, creativa, e investigadora; baseada, dentro do posible, nos intereses e experiencias dos propios alumnos e unha aprendizaxe que se apoie máis na comprensión e na investigación propia que na memorización. Unha aprendizaxe para a vida, na que as nenas e nenos sexan capaces de "aprender a aprender".

4.1.-O AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS

Haberá de ser o suficientemente flexible para permitir adaptarse á diversidade do alumnado, ás necesidades do centro e a facer rendible a actividade dos mestres.

4.2.-HORARIOS

Seguiranse criterios pedagóxicos e de organización para unha mellor atención de todo o alumnado do Centro e para unha boa rendibilidade dos mestres do mesmo.

4.3.-UBICACIÓN

Queremos unha organización flexible que permita alternar o traballo individual e en equipo e a utilización alternativa doutros espazos distintos da aula: biblioteca, aula de informática, salón de usos múltiples, polideportivo, patios, etc.

4.4.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Serán seleccionados tendo en conta os alumnos ós que van destinados, os contidos que queremos traballar e os obxectivos que queremos acadar.

Ademais dos libros de texto, buscarase a diversificación do material a utilizar, mapas, xogos; potenciando o uso das novas tecnoloxías: ordenador, pizarra dixital, proxector, visor, aparatos de proxección, etc.

4.5.-ORGANIZACIÓN DO TRABALLO NA AULA

Farase seguindo fundamentalmente a seguinte secuencia:

- Motivación e detección de ideas previas.
- Breve explicación.
- Traballo individual ou en equipo.
- Posta en común.

Na Educación Infantil a organización vén dada pola sucesión de diversos recantos de experiencias e xogo que posibiliten a aprendizaxe autónoma.

4.6.-AVALIACIÓN

A avaliación ten que servir para motivar, formar e orientar ás alumnas e alumnos, valorando non só os resultados, senón tamén o traballo feito, é dicir, o proceso seguido: actitude na clase, participación, motivación, colaboración, atención, capacidade, etc.. tendo en conta, tamén a autoavaliación.

A observación, as probas orais e escritas e os coloquios e debates serán as técnicas preferentemente utilizadas. Os instrumentos de control serán as probas orais ou escritas, fichas...

4.7.-ADAPTACIÓNS CURRICULARES E APOIO Á DIVERSIDADE

O centro potenciará a atención ás diferenzas individuais, facilitando o apoio e os recursos necesarios dos que dispoña; dando máis axuda a quen máis o necesite, utilizando métodos e extratexias axustadas a cada caso concreto.

No caso das adaptacións significativas, partirase dunha avaliación inicial da/o alumna/o, na que se reflectirán as capacidades e necesidades do mesmo/a; procedendo, seguidamente, a adaptar os obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación seguindo a lexislación vixente.

CAPÍTULO V.- AS RELACIÓNS NO SEO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Formada por alumnas e alumnos, nais e pais, mestras e mestres, administracións e persoal non docente.

Tódolos estamentos que a compoñen teñen o seu rol definido e o seu campo de actuación.

Todos son responsables de fomentar na Comunidade Educativa un bo clima de convivencia, de diálogo e de colaboración, cunha participación na mesma, libre e democrática; procurando que as relacións entre tódolos membros da Comunidade sexan boas.

5.1.- ENTRE O ALUMNADO

As relacións deben fundamentarse no respecto, na colaboración e no compañeirismo fronte á competencia, no espírito de grupo fronte ao individualismo, na solidariedade, comprensión e tolerancia fronte á intransixencia. Considerándose todos iguais pero diferentes.

5.2.- PROFESORADO - ALUMNADO

Partindo da consideración de que o neno/a é un ser autónomo, as relacións con eles basearanse no respecto e no coñecemento mutuo, na colaboración e no diálogo que xere un clima de confianza, espontaneidade e afectividade; base dunhas relacións cordiais.

Neste sentido o profesorado tratará de buscar un equilibrio entre a esixencia de traballar e o mantemento dunha actitude de comprensión e flexibilidade que facilite a comunicación e o intercambio.

Da mesma forma o alumnado, nunha relación de cercanía e confianza, mostrarase respectuoso e considerado cos profesores/as.

5.3.- AS RELACIÓNS COAS FAMILIAS

Terán como base o diálogo, a colaboración, o intercambio de información e a corresponsabilidade na formación dos seus fillos/as, mediante un contacto permanente e regular.

5.4.- RELACIÓNS CO CONTORNO

Estableceranse relacións coas administracións locais, entidades culturais, grupos, asociacións, etc., buscando a colaboración e o diálogo que xere un clima de confianza e de cordialidade na procura dun ensino de calidade, suxerindo, apoiando e impulsando aquelas iniciativas que favorezan un mellor coñecemento da realidade social e do contorno máis próximo.

5.5.- O PROFESORADO ENTRE SÍ

Procurará un clima de cordialidade, tolerancia e colaboración, que favoreza a existencia dun ambiente distendido e alegre que faga agradable a vida dentro do centro. Neste marco a discusión, o debate e a defensa de diferentes puntos de vista considéranse como achegas enriquecedoras na procura dun ensino de calidade.

5.6.- PAPEL DO TITOR/A

No ámbito escolar, a nivel de relacións persoais, é fundamental a figura do titor/a que, ademais das súas tarefas docentes específicas, deberá desempeñar, cando menos, as seguintes **funcións**:

-Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos.

-Proporcionar, aos pais/nais e ao alumnado, todo tipo de información que sexa pertinente para o curso escolar: calendario, horarios, horas de titoría, criterios de avaliación... Procurando un diálogo fluido coas familias.

-Coñecer as características persoais de cada alumno, a súa capacidade, os seus intereses e dificultades, a súa situación familiar, o seu nivel de integración no grupo... co fin de apoialo, orientalo, animalo, etc.

-Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado da titoría.

- É a persoa que debe coñecer e estimular ao grupo, estudando as súas motivacións e o seu rendemento, o seu contexto socio-económico, os seus gustos, etc.; sendo o/a responsable da creación dun clima de cooperación, tolerancia e espontaneidade, amén de organizar as diferentes actividades; efectuando un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.

CAPÍTULO VI.- ORGANIZACIÓN

A posta en práctica do modelo de comunidade educativa que acabamos de describir, supón aplicar unha estrutura organizativa eficaz e coherente que supere o individualismo e mellore a coordinación, a participación e o compromiso e na que, dalgunha maneira, os protagonistas seamos todos e todas os/as que a compoñemos.

6.1.- ÓRGANOS DE GOBERNO

A Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros públicos, establece que a participación dos pais ou tutores legais dos alumnos, dos mestres, do persoal de administración e servizos e dos concellos na xestión do Centro, realizarase a través do Consello Escolar, sen perxucio das funcións propias do Claustro de Mestres.

Posteriormente os Órganos de Goberno regúlanse no Título II, Capítulos I, II, III e IV do Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das Escolas de Educación infantil e os colexios de Educación Primaria.

6.1.1.- UNIPERSOAIS

- Director/a.
- Xefe/a Estudos.
- Secretario/a

Han de constituir un verdadeiro equipo, que traballe con ilusión polo Centro e que faga súas aquelas inquiredanzas doutros membros da Comunidade Educativa que sexan positivas para os fins da educación e a boa marcha do colexio.

6.1.2.- COLEXIADOS

Consello escolar. A través deste órgano participan na xestión do Centro os destintos membros da Comunidade escolar.

Ao CEIP Illa Verde correspóndenlle, neste momento, os seguintes membros:

- Director/a, que exerce a presidencia.
- Xefe/a de Estudos.
- Cinco mestres elixidos polo Claustro.
- Cinco representantes das nais e pais do alumnado. Un deles en representación da ANPA.
- Un concelleiro ou concelleira, representando ao concello.
- Unha ou un representante do persoal de servizos.
- O secretario do Centro que actuará como secretario do Consello.

Claustro de mestres. É o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro. Pertencen a él tódolos mestres e mestras que presten servizos no mesmo.

Ámbolos dous órganos reuniranse, cando menos, unha vez ao trimestre e sempre que sexa menester para a boa marcha do centro.

É fundamental que, tanto no Claustro como no Consello, exista un clima positivo de diálogo para resolver os problemas que se plantexen.

6.2.- ORGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Regulados polo Decreto 374/1996, do 17 de outubro, onde nos di que en centros destas características han de existir os seguintes órganos:

6.2.1.- Comisión de Coordinación Pedagóxica. Está integrada por:

- Director/a
- Xefe/a de Estudos
- Coordinadores/as dos diferentes ciclos de Infantil e Primaria
- Mestres/as de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe
- Coordinador/a do Equipo de Dinamización Lingüística
- Orientador/a

Entre as súas competencias está establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares.

Reunirase unha vez ao mes.

6.2.2.- Equipos de Ciclo. Agrupa a tódolos mestres e mestras que imparten docencia nel. Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias do ciclo, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos. Reuniranse mensualmente coa persoa que exerza de coordinadora.

6.2.3.- Equipo de Dinamización Lingüística. Estará constituído, cando menos, por un mestre/a de cada ciclo. É o encargado de dinamizar e normalizar a lingua galega nas actividades do Centro. Entre as súas competencias están as de facer propostas ao Equipo Directivo para ser incluídas no PEC e á Comisión de Coordinación Pedagóxica para ser incluídas nos proxectos curriculares. Haberá unha reunión mensual entre o coordinador/a e o profesorado que o integra.

6.2.4.- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Encargarase de promover, organizar e facilitar as actividades que lle son propias. Estará formado por un Xefe do Equipo e, polo menos, por un mestre de cada ciclo, podendo incorporarse outros para a realización de actividades. Reunirase, como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que sexa necesario.

6.2.5.- Departamento de Orientación. Neste momento compartido co C.E.I.P. Manuel Mallo Mallo de Nadela. En xeral é o encargado da orientación na comunidade educativa. Reunirase mensualmente. Está integrado por:

- O Xefe/a do Departamento.
- Mestres/as de P. T. e A.L.
- Coordinadores/as dos diferentes ciclos.
- Un representante da Orientación do CEIP "Manuel Mallo Mallo" de Nadela.

CAPÍTULO VII.- ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAÍS DE ALUMNOS

Sen menoscabo do que o decreto 374/1996 do 17 de outubro dispón, a súa actividade, no referente ao P . E . C . estará orientada a:

- Colaborar co Equipo Directivo e resto de mestres para a boa marcha do centro.
- Dentro das súas posibilidades, presentarlle ao Equipo Directivo un programa de actividades adecuadas á idade do alumnado que participa nas mesmas, para ser aprobado polo Consello Escolar e ser incorporado a P.X.A., ao principio do curso e ser avaliado na Memoria de fin de curso.
- Buscar a colaboración con outras entidades, asociacións culturais e deportivas, institucións públicas ou privadas, etc.. que poidan axudar a potenciar a vida do centro en contacto co contorno para así axudar a mellorar a formación do alumnado.

Ser parte activa en fomentar relacións cordiais na Comunidade Educativa.

CAPÍTULO VIII.-SERVIZOS QUE OFERTA O CENTRO

ESCOLA ABERTA, a partir das 7:30 ata as 9:00

COMEDOR, de 14:00 a 16:00

Ámbolos dous servizos dependen do concello.

REVISIÓN E MODIFICACIÓN DO P. E. C.

O **Proxecto Educativo de Centro** (P. E. C.) será revisado cada tres anos. A súa modificación deberá ser aprobada, unha vez oído o Claustro, pola maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.

As modificacións a que houbera lugar por cambios nas características xerais do centro: composición xurídica, ensinanzas que abrangue, instalación, necesidades básicas, etc. ; poderán ser levadas a cabo no momento que se produzan coa aprobación maioritaria do Consello Escolar.

En Lugo, a 28 de xuño de 2012